

**Modificación dos Apartados Cuarto e Quinto da Resolución do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a posta en marcha de accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación dirixidas a centros públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en réxime de concorrencia competitiva, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, durante o curso 2020/21.**

Co obxectivo de adaptar o curso ás novas necesidades derivadas da situación de pandemia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade aposta pola flexibilidade normativa, tanto a nivel programático e curricular como organizativo e sanitario. É por iso que, para que os centros educativos poidan desenvolver o curso coas máximas garantías de seguridade e calidade e realizar os axustes necesarios en función da evolución da pandemia, procede **modificar o derradeiro parágrafo do apartado cuarto da Resolución**, *Destinatarios e obxecto de cada liña*, que queda redactado como segue:

Todas as liñas desenvolveranse en horario lectivo, na aula ordinaria e/ou fóra desta. No caso de desenvolverse fóra da aula ordinaria deberase cumprir a normativa vixente ao respecto.

Con todo, cara o curso 2020/21 terase en conta a previsión dos posibles escenarios que se puideran dar en función da situación sanitaria (actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou posibles períodos de confinamento) que permitan organizar e desenvolverlas adaptadas a cada escenario.

Dada a modificación deste apartado, **ampliase o prazo de solicitude da Iniciativa ARCO ata o mércores 30 de setembro, incluído.**

Así mesmo, no apartado Quinto da Resolución, *Dotación das liñas*, e co fin de proporcionar a mellor atención posible ao alumnado que precisa apoio para o desenvolvemento das competencias clave, **incrementase o número de docentes destinados ás Liñas 1, 2 e 3 quedando establecido como segue:**





- **Liña 1: 460 docentes a media xornada.**
- **Liña 2: 244 docentes a media xornada.**
- **Liña 3: 244 docentes a media xornada.**

En Santiago de Compostela, a 25 de setembro de 2020

José Luís Mira Lema

Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

